



INSTITUTO  
GALEGO DE  
ESTADÍSTICA



# INFORME SOBRE O ÍNDICE DE PRODUCCIÓN INDUSTRIAL

**Maio 2022**

Santiago de Compostela, 06 de xullo de 2022


Instituto Galego de Estatística  
Complexo Administrativo San Lázaro s/n  
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)  
Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp>  
Teléfono información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)  
FAX: 981.54.13.23  
Páxina Web : <http://www.ige.eu>

## Índice de producción industrial (IPI). Maio 2022

- O Índice de producción industrial (IPI) de Galicia, rexistrou en maio de 2022 un avance do 10,5% con respecto a maio de 2021, mentres que a nivel nacional rexistrouse unha subida menor (6,5%).
- Tendo en conta o destino económico dos bens producidos, os bens de consumo creceron un 19,0%, os bens de equipo un 23,6% e os bens intermedios un 0,7%. Pola súa parte a enerxía retrocedeu un 1,8%.
- Por ramas de actividade as achegas positivas mais destacables corresponden á “fabricación de vehículos de motor” que achega 2,9 puntos, a “confección de roupa de vestir”, que suma 2,5 puntos e a “fabricación de bebidas” xunto coa “fabricación de maquinaria”, que engaden 1,4 puntos cada unha delas á taxa interanual.
- Polo contrario, entre as que mostran maiores achegas negativas destacan: a “producción de enerxía eléctrica” que minora 1,3 puntos, a “metalurxia” que resta 0,9 puntos e a “fabricación de material e equipamento eléctrico”, que resta 0,5 puntos á taxa interanual.

## Índice de producción industrial (IPI). Maio 2022

Taxa de variación do índice xeral e achegas dos compoñentes en %



	Índice	VARIACIÓN (%)	
		Interanual	No que vai de ano
<b>Xeral</b>	107,2	10,5	-2,9
<b>Bens de consumo</b>	146,3	19,0	13,4
<b>Bens de equipo</b>	99,7	23,6	-6,9
<b>Bens intermedios</b>	120,7	0,7	1,8
<b>Energía</b>	67,7	-1,8	-22,7

## 1. Índice xeral e por destino económico dos bens

O Índice de produción industrial (IPI) do mes de maio de 2022 rexistrou en Galicia un ascenso do 10,5% en taxa interanual, mellorando en 16,7 puntos a taxa rexistrada no mes precedente (-6,2%). En España, rexistrouse un avance menor (6,5%), mellorando en 7,1 puntos a taxa acadada no mes anterior (-0,6%).

Por destino económico dos bens, a influencia dos distintos sectores na variación interanual do índice xeral é a seguinte:

- Os **bens de consumo** presentan un crecemento do 19,0%, o que suma 5,5 puntos.
- Os **bens de equipo** rexistran unha taxa do 23,6%, o que suma 5,1 puntos.
- Os **bens intermedios** suben un 0,7%, cunha repercusión positiva de 0,2 puntos.
- Por último, a **enerxía**, que diminúe un 1,8% restando 0,3 puntos á taxa de variación interanual do conxunto.

Comparando cos crecementos interanuais de abril de 2022, por destino económico, os bens de consumo melloran 16,2 puntos, os bens de equipo melloran 38,4 puntos, os bens intermedios melloran 7,1 puntos e a enerxía mellora 6,4 puntos.

Estes datos móstranse no cadro 1 do anexo.

## 2. Índices por ramas de actividade

Se utilizamos a clasificación nacional de actividades económicas (CNAE 09) a nivel de división para facer unha análise máis detallada do comportamento das distintas ramas de actividade obtemos os resultados que se mostran no cadro 2 do anexo. As ramas de actividade están ordenadas segundo a repercusión que teñen no crecemento interanual do índice xeral.

As ramas máis destacables que presentan maiores achegas positivas á taxa interanual de maio foron: a “fabricación de vehículos de motor” que achega 2,9 puntos, a “confección de roupa de vestir”, que suma 2,5 puntos e a “fabricación de bebidas” xunto coa “fabricación de maquinaria”, que engaden 1,4 puntos cada unha delas á taxa interanual.


No que respecta ás repercusións negativas destacan: a “produción de enerxía eléctrica” que minora 1,3 puntos, a “metalurxia” que resta 0,9 puntos e a “fabricación de material e equipamento eléctrico”, que resta 0,5 puntos á taxa interanual.

### 3. Índices por comunidades autónomas

Por Comunidades Autónomas o crecemento interanual do IPI neste mes de maio moveuse entre o -0,3% de Murcia e o 33,1% de Illes Balears.


Ademais da devandita, presentan taxas interanuais superiores á media estatal: Aragón (13,4%), Castilla - La Mancha (12,4%), País Vasco (11,2%), Galicia (10,5%), La Rioja (10,0%), Extremadura (9,7%), Canarias (8,4%), Madrid (7,4%) e Comunitat Valenciana (7,0%).

#### IPI Maio 2022 Taxas de variación en %



### 4. Evolución do índice

No seguinte gráfico mostramos a evolución das taxas de crecemento interanuais do índice xeral para Galicia e para España en termos de ciclo - tendencia que se obtén estimando un modelo ARIMA para cada unha das series, e obtendo o sinal de ciclo - tendencia utilizando a descomposición baseada en modelos que resulta do programa JDemetra+.



### Notas metodolóxicas

O IPI é un indicador conxuntural que mide a evolución mensual da actividade produtiva das ramas industriais, é dicir, das industrias extractivas, manufactureiras, fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado e fornecemento de auga, actividades de saneamento, xestión de residuos e descontaminación, que son, respectivamente, as seccións B, C D e E da Clasificación Nacional de Actividades Económicas 2009 (CNAE 2009). Mide, por tanto, a evolución conxunta da cantidade e da calidade producidas, eliminando a influencia dos prezos.

Para a súa obtención realízase unha enquisa continua de periodicidade mensual que investiga todos os meses a máis de 11.500 establecementos en España e 1.600 en Galicia.

## Anexo cadros

Cadro 1.- Índice de produción industrial. Abril 2022

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)		REPERCUSIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO	INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
<b>Galicia</b>					
Xeral	97,2	-8,0	-6,5	--	--
Bens de consumo	129,8	-0,3	10,8	-0,1	2,7
Bens de equipo	82,8	-17,2	-13,5	-4,2	-3,4
Bens intermedios	111,8	-7,5	1,7	-2,2	0,5
Enerxía	69,1	-8,3	-26,4	-1,6	-6,3
<b>España</b>					
Xeral	101,8	-0,4	2,0	--	--
Bens de consumo	103,9	1,8	5,1	0,5	1,3
Bens de equipo	100,7	-1,6	0,7	-0,4	0,2
Bens intermedios	107,6	-3,7	0,0	-1,2	0,0
Enerxía	92,5	3,9	2,8	0,7	0,6

Fonte: INE

Cadro 2.- IPI por ramas de actividade. Galicia. Maio 2022

Ramas	VARIACIÓN (%)				Ponderación
	Interanual	Repercusión	No que vai de ano	Repercusión	
<b>Total</b>	<b>10,5</b>		<b>-2,9</b>		
Fabricación de vehículos de motor, remolques e semirremolques	28,5	2,9	-19,7	-2,7	13,1
Confección de roupa de vestir	50,1	2,5	45,4	2,2	4,1
Fabricación de bebidas	30,6	1,4	21,3	0,7	3,5
Fabricación de maquinaria e equipamento n.c.n.	62,8	1,4	24,0	0,5	2,0
Industria da madeira e da cortiza, agás mobles; cestería e espartaría	20,6	1,2	39,9	1,8	3,6
Fabricación de mobles	63,7	1,1	37,3	0,6	1,1
Industria da alimentación	4,7	0,8	1,9	0,3	13,2
Fabricación doutros produtos minerais non metálicos	19,0	0,6	9,8	0,3	2,6
Industria química	22,9	0,4	25,0	0,3	1,5
Fabricación de produtos metálicos, agás maquinaria e equipamento	1,9	0,2	4,2	0,3	7,7
Outras industrias extractivas	10,0	0,1	2,2	0,0	1,1
Outras industrias manufactureiras	10,4	0,1	11,2	0,1	0,5
Reparación e instalación de maquinaria e equipamento	2,9	0,1	2,2	0,1	4,1
Fabricación de produtos de caucho e plásticos	1,4	0,0	-11,7	-0,3	2,5
Industria téxtil	-9,9	-0,1	-6,4	0,0	0,6
Fabricación doutro material de transporte	-11,3	-0,1	-19,5	-0,2	2,0
Industria do papel	-6,8	-0,2	-4,0	-0,1	2,2
Fabricación de material e equipamento eléctrico	-27,5	-0,5	-34,2	-0,6	1,4
Metalurxia; fabricación de produtos de ferro, aceiro e ferroalixes	-16,4	-0,9	-17,2	-0,8	5,1
Fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado	-9,0	-1,3	-31,0	-5,9	22,3
Coquerías e refinación de petróleo	*	*	*	*	*
Artes gráficas e reprodución de soportes gravados	*	*	*	*	*
Industria do coiro e do calzado	*	*	*	*	*
Fabricación de produtos farmacéuticos	*	*	*	*	*
Fabricación de produtos informáticos, electrónicos e ópticos	*	*	*	*	*
Captación, depuración e distribución de auga	*	*	*	*	*

Fonte: INE

(\*) Poucas observacións mostrais, polo que o dato está afectado por un alto erro de mostraxe.

Cadro 3.- IPI por Comunidades Autónomas. Maio 2022

CCAA	ÍNDICE	VARIACIONES (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
<b>España</b>	<b>112,3</b>	<b>6,5</b>	<b>2,9</b>
Galicia	107,2	10,5	-2,9
Andalucía	98,1	1,7	4,4
Aragón	118,8	13,4	5,6
Asturias	105,9	0,6	2,3
Balears (Illes)	91,5	33,1	18,2
Canarias	92,0	8,4	5,1
Cantabria	125,7	5,2	0,1
Castilla - La Mancha	109,4	12,4	6,4
Castilla y León	96,3	1,6	-4,1
Cataluña	115,0	4,7	1,3
Comunitat Valenciana	120,1	7,0	2,7
Extremadura	118,6	9,7	6,7
Madrid	114,5	7,4	4,6
Murcia	121,9	-0,3	5,4
Navarra	120,1	3,8	5,2
País Vasco	120,0	11,2	5,6
Rioja (La)	94,7	10,0	6,0

Fonte: INE